

4.3. prestaciónseconómicas

Á HORA DE ABORDA-LA ANÁLISE DAS prestacións económicas, o estudio divídese en tres bloques. Nunha primeira parte, abórdase o estudio dos beneficiarios e o importe medio das pensións contributivas, para analizar posteriormente a situación das pensións non contributivas, das pensións por desemprego e da renda de inserción social (Risga).

Para a realización da análise das prestacións económicas utilizarémos os datos facilitados polo Ministerio de Trabajo y Asuntos Sociales, do INEM e da Consellería de Asuntos Sociais, Emprego e Relacións Laborais. O punto de partida do estudio é o **cadro C.4.5.** (*Beneficiarios e importe medio das prestacións 2002-03: distribución segundo tipo de cobertura*), no que se amosa un resumo dos datos de beneficiarios e o importe medio dos diferentes tipos de protección.

Pensións contributivas

O número medio (anual) de beneficiarios en Galicia que no ano 2003 cobra-

ba algún tipo de pensión da Seguridade Social foi de 683,2 miles de persoas, ascendendo o importe medio das pensións a 454,43 euros por persoa. O número de pensións en Galicia rexistrou unha medra do 0,6% respecto ó ano anterior (1,0% no conxunto do Estado), descendendo a importancia relativa das mesmas no total estatal a 8,7% (8,8% en 2002).

Ó igual que no ano anterior, Galicia é a quinta comunidade con maior número de pensións, sendo superada por Cataluña, Andalucía, Madrid e a C. Valenciana. No ano 2003 Galicia segue a se-la Comunidade Autónoma co importe medio máis baixo, e continúa medrando o diferencial co importe medio estatal: 91,61 euros inferior en 2003 fronte ós 85,68 euros menos no ano 2002.

Desagregando segundo os diferentes tipos de pensións, o **cadro C.4.6.** (*Pensións da Seguridade Social nas CC.AA. 2002-03: beneficiarios e importe medio segundo clase de pensión*) reflicte que o número de pensións de incapacidade permanente foi de 59,0 miles de pensións en 2003 (57,8 miles de pensións no ano anterior). Canto ó seu importe medio, este ascendeu ata as 538,44 euros, 96,31 euros inferior á media estatal, e segue a se-la terceira comunidade co importe medio máis baixo, por diante de Murcia, con 512,84 euros, e Estremadura, con 510,81 euros.

Respecto ás pensións por xubilación e viuvez, estas ascenderon a 430,1 e 167,9 miles, respectivamente, o que representa o 9,3% do total das pensións de xubilación de España e o 8,0% das pensións de viuvez. Os seus importes medios son os máis baixos do Estado con 504,54 e 331,03 euros, respectivamente.

O problema do baixo importe medio das pensións galegas en comparación coas outras comunidades agrávase polo feito de

que segue aumentado o diferencial coa media estatal, especialmente no caso da incapacidade permanente, xubilación e viuvez. No primeiro caso, o diferencial respecto ó importe do Estado medra en 3,92 euros, pasando este de 92,39 euros en 2002 a 96,31 euros menos en 2003; medra en 7,12 euros no caso das pensións de xubilación, pasando de 108,46 euros a 115,58 euros no 2003; e aumenta en 4,40 euros no caso das pensións de viuvez, pasando de 64,80 euros menos a 64,80 euros menos no derradeiro ano. No caso das pensións por orfandade e favor familiar, o diferencial con respecto á media española, este aumenta en 0,59 euros, sendo o importe medio en Galicia 7,37 euros inferior á media estatal no ano 2002 e de 7,96 euros en 2003.

Pensións non contributivas

Como reflicte o **cadro C.4.7.** (*Pensións non contributivas nas CC.AA. 2002-03: beneficiarios*), o número total de beneficiarios das **pensións non contributivas** creceu en Galicia un 0,4% no ano 2003 respecto ó ano anterior, sendo este crecemento unha décima inferior ó experimentado polo conxunto do Estado. Galicia segue a se-la terceira comunidade co maior número de beneficiarios, con 54.419 beneficiarios (o 11,1% do total de beneficiarios en España), despois de Andalucía e Cataluña, con 109.667 e 60.822 beneficiarios, respectivamente.

Tendo en conta os dous tipos de pensións non contributivas, as de invalidez e as de xubilación, o devandito **cadro C.4.7.** amosa que o 39,6% do total de beneficiarios corresponde ás primeiras, e o restante 60,4%, a pensións de xubilación. Comparado co ano anterior, o devandito cadro amosa o descenso das pensións de invalidez (representa o 10,4% do total estatal) e o aumento das pensións de xubilación (o 11,7% destas pensións no conxunto do Estado).

4.3.1.

Beneficiarios das prestacións sociais e económicas da LISMI e das pensións asistenciais nas CC.AA. 2002-03

	LISMI			Pensións asistenciais		
	2002	2003	03/02	2002	2003	03/02
	(en medias anuais)		(%)	(en medias anuais)		(%)
Andalucía	16.522	14.702	-11,0	19.625	17.517	-10,7
Aragón	2.516	2.281	-9,3	300	240	-20,0
Asturias	3.329	2.922	-12,2	364	298	-18,1
Baleares	845	731	-13,5	665	564	-15,2
Canarias	936	839	-10,4	5.356	4.744	-11,4
Cantabria	1.455	1.311	-9,9	303	236	-22,1
Castela-A Mancha	6.473	5.925	-8,5	3.069	2.676	-12,8
Castela e León	9.721	8.811	-9,4	2.634	2.104	-20,1
Cataluña	8.568	7.412	-13,5	2.749	2.280	-17,1
C. Valenciana	8.250	7.334	-11,1	4.929	4.229	-14,2
Extremadura	6.845	6.087	-11,1	2.247	1.813	-19,3
Galicia	4.600	3.938	-14,4	924	642	-30,5
Madrid	6.602	6.001	-9,1	4.120	3.530	-14,3
Murcia	10.916	9.812	-10,1	1.426	1.216	-14,7
Navarra	-	-	-	327	253	-22,6
País Vasco	-	-	-	-	-	-
A Rioxa	528	469	-11,2	43	28	-34,9
Ceuta e Melilla	1.182	1.093	-7,5	354	296	-16,4
Total	89.288	79.668	-10,8	49.435	42.666	-13,7
G/E (%)	5,2	4,9		1,9	1,5	

Fonte: Ministerio de Trabajo y Asuntos Sociales

Xunto ó incremento destas pensións non contributivas continúa a redución do número de beneficiarios de prestacións sociais e económicas da **Lei de Integración Social dos Minusválidos (Lismi)** e das pensións asistenciais. No primeiro caso, tal e como reflicte o **cadro 4.3.1.**, rexistrouse un descenso do número de beneficiarios en tódalas comunidades autónomas, que no caso galego, foi do 14,4% respecto a 2002 (662 beneficiarios menos), 3,6 puntos porcentuais superior ó experimentado no conxunto do Estado.

O número de beneficiarios destas prestacións en Galicia ascendeu no ano 2003 a 3.938 beneficiarios (4.600 en 2002), sendo a súa importancia relativa no conxunto de España do 4,9% (5,2% en 2002).

En relación ós beneficiarios das **pensións asistenciais**, o devandito **cadro 4.3.1.** amosa que en 2003 volve a rexistrarse unha caída superior ó 30% respecto ó número de beneficiarios en 2002, pasando de 924 beneficiarios en 2002 ós 642 beneficiarios do ano 2003. O peso relativo

destes beneficiarios no conxunto estatal descende do 1,9% de 2002 ó 1,5% do ano 2003.

Prestacións por desemprego

Como reflicte o **cadro 4.3.2.**, o número total de beneficiarios por prestacións de desemprego, ó contrario do acontecido no ano anterior, descende en 2003 en Galicia un 3,5% respecto ó ano precedente, acadando as 70.589 persoas (2.581 menos que en 2002).

No que atinxe ó tipo de prestación, un 42,4% dos beneficiarios cobrou as prestacións de nivel asistencial, correspondendo un 54,8% a beneficiarios de prestacións de nivel contributivo. As prestacións de nivel asistencial corresponden ó 75% do salario mínimo interprofesional, que para 2003 foi de 451,20 euros ó mes (442,20 euros/mes en 2002).

Atendendo á distribución provincial, o **cadro 4.3.2.** amosa que tódalas provincias galegas experimentaron unha caída no número de beneficiarios de prestacións

4.3.2.

Beneficiarios das prestacións por desemprego 2002-03

2002				
	Beneficiarios			Total beneficiarios
	Contributiva	Subsidio	Renta Activa de Inserción (media)	
A Coruña	14.867	12.673	2.986	30.526
Lugo	3.691	3.450	708	7.848
Ourense	3.642	4.630	1.210	9.483
Pontevedra	13.233	9.743	2.337	25.313
Total	35.433	30.496	7.241	73.170

2003				
	Beneficiarios			Total beneficiarios
	Contributiva	Subsidio	Renta Activa de Inserción (media)	
A Coruña	16.622	11.991	794	29.407
Lugo	3.838	3.419	310	7.567
Ourense	3.974	4.625	295	8.894
Pontevedra	14.266	9.860	595	24.721
Total	38.700	29.895	1.994	70.589

Fonte: Ministerio de Trabajo y Asuntos Sociales

por desemprego, sendo A Coruña a que presentou o maior descenso con 1.119 beneficiarios menos, fronte ós 592 beneficiarios menos en Pontevedra e os case 870 menos en Lugo e Ourense. O número de beneficiarios de prestacións por desemprego en A Coruña foi de 16.622 persoas, fronte ás 14.266 persoas de Pontevedra e os 3.974 e 3.838 beneficiarios en Ourense e Lugo, respectivamente.

A taxa de cobertura bruta das prestacións por desemprego, **cadro C.4.10.** (*Beneficiarios de prestacións por desemprego e paro rexistrado 2002-03*), que mide a relación entre perceptores e o paro rexistrado, a diferenza do acontecido no conxunto do Estado, descende no ano 2003 en Galicia ata o 48,4% (52,1% no ano anterior). En España, esta relación acada o 60,6% en 2003 fronte ó 59,9% do ano anterior. A provincia de Lugo sitúase como a provincia coa taxa de cobertura máis elevada, co 51,0% (53,1% en 2002), seguíndolle Ourense, co 50,6% (55,9% en 2002).

O devandito **cadro C.4.10.** reflicte

un aumento da relación entre beneficiarios das prestacións contributivas e o paro rexistrado, que pasa do 25,23% de 2002 ós 26,51% do ano 2003, descendendo a relación entre beneficiarios de subsidios e o paro rexistrado (21,71% no ano 2002 e 20,48% en 2003).

Renda de inserción social

O número total de beneficiarios da Risga a 31 de decembro de 2003 ascendeu a 4.499 persoas, 189 beneficiarios máis que no mesmo período do ano 2002, das que 1.457 persoas perciben o subsidio básico e 2.229 beneficiarios o devandito subsidio básico máis, alomenos, un complemento familiar. Tendo en conta que esta renda beneficia á unidade familiar, e que esta está formada por unha media de tres persoas, o número de beneficiarios desta renda de integración ascendeu no ano 2003 a 13.497 galegos.

No que ó perfil dos perceptores da Risga en 2003 se refire, ó igual que en anos anteriores, cómpre salienta-lo predomínio do sexo feminino (67,4% dos bene-

4.3.3.

Risga e Axudas de Emerxencia Social 2003: beneficiarios e pagos

	Beneficiarios		Importe total pagado		Importe medio	
	Beneficiarios da Risga	Concesións das AES	Risga	AES	Risga	AES
			(en miles de €)		(en €)	
A Coruña	1.904	525	564,7	424,2	296,60	807,92
Lugo	540	337	150,6	333,0	278,89	988,10
Ourense	543	280	148,2	384,4	272,93	1.372,92
Pontevedra	1.512	692	426,6	619,4	282,13	895,04
Total	4.499	1.834	1.290,1	1.760,9	286,76	960,16

Fonte: Consellería de Asuntos Sociais, Emprego e Relacións Laborais

4.3.4.

Resolución das solicitudes presentadas á Risga e ás AES 2002-03

	2002			2003		
	totais	Risga	AES	totais	Risga	AES
solicitudes a resolver	4.864	2.337	2.527	6.202	2.942	3.260
presentadas no ano	4.567	2.162	2.405	5.697	2.737	2.960
pendentes do ano anterior	297	175	122	505	205	300
solicitudes resoltas	4.359	2.132	2.227	5.827	2.796	3.031
estimadas	3.208	1.612	1.596	3.829	1.962	1.867
desestimadas	1.151	520	631	1.998	834	1.164
solicitudes present. / resoltas (%)	89,6	91,2	88,1	94,0	95,0	93,0

Fonte: Consellería de Asuntos Sociais, Emprego e Relacións Laborais

ficiarios en 2003), da residencia no medio urbano (o 78,3% dos perceptores residen en núcleos de máis de dez mil habitantes), e o predominio dos beneficiarios con idades comprendidas entre 35 e 44 anos e entre 25 e 34 anos (32% e 27%, respectivamente). En xeral, o nivel de estudos destes preceptores é moi baixo, xa que un 50% dos mesmos só teñen os estudos primarios incompletos, un 36% estudos primarios e un 5% dos beneficiarios son analfabetos. Asemade, no relativo á súa problemática básica cómpre salientalo desemprego (45%) e a monoparentalidade (16%).

O **cadro 4.3.3.** reflicte que o importe total pagado no caso da Risga ascendeu a 1.290,1 miles de euros. Dado o número de beneficiarios, o importe medio por beneficiario ascendeu a 286,76 euros (278,44 euros no ano anterior).

No ano 2003, das 2.942 solicitudes a resolver (205 delas, pendentes do ano

anterior), foron resoltas 2.796 solicitudes (1.962 estimadas e 834 denegadas), polo que a porcentaxe de resolución foi do 95,0% (**cadro 4.3.4.**).

No concernente ás **axudas de emerxencia social**, ó longo do 2003 concedéronse un total de 1.834 AES, o que implicou un gasto de 1.760,9 miles de euros. A contía media destas axudas por concesión ascendeu a 960,16 euros, explicándose a diferenza existente entre os importes medios nas provincias galegas polo feito de que en A Coruña a maioría das AES son concedidas para cubri-las necesidades primarias (dúas veces o importe do subsidio básico), en tanto que nas outras tres provincias prevalece a cobertura de gastos da vivenda en xeral (tres, catro e doce veces o importe do subsidio básico, sendo este último o que prevalece en Ourense).

Ó longo do ano 2003 houbo un total de 3.260 solicitudes a resolver (300 pendentes do ano anterior), das que foron

4.3.5.

Risga e Axudas de Emerxencia Social 2002-03: solicitudes rexistradas nas delegacións provinciais

	Risga		Axudas de emerxencia social		Total	
	2002	2003	2002	2003	2002	2003
A Coruña	843	1.139	763	878	1.606	2.017
Lugo	257	329	340	409	597	738
Ourense	312	329	386	502	698	831
Pontevedra	750	940	916	1.171	1.666	2.111
Total	2.162	2.737	2.405	2.960	4.567	5.697

Fonte: Consellería de Asuntos Sociais, Emprego e Relacións Laborais

resoltas 3.031 solicitudes (1.867 estimadas e 1.164 denegadas), é dicir, o 93,0%.

Respecto ó perfil dos beneficiarios destas axudas de emerxencia social, cómpre salientar que o 20,1% reside no medio rural (núcleos de menos de 10.000 habitantes), o predominio do sexo feminino (o 67,7% son mulleres) e das persoas con idades comprendidas entre 35 e 44 anos (28% dos perceptores, fronte ó 23% no caso dos grupos de idade entre 25 e 34 anos e máis de 55 anos). Asemade, no relativo á súa situación laboral, un 60% corresponde a parados que xa traballaron e un 31% a inactivos, e no que á vivenda se refire, o tipo de vivenda característico é o piso (o 60%) seguido da vivenda unifamiliar (27%). Nun 29% das casos, a concesión destas axudas fundaméntase na necesidade de dota-la vivenda de equipamento básico, en un 20% pola carencia de recursos mínimos para afrontar os gastos derivados do uso da vivenda. ■